



ALDEAS DE COLES

Club de Montaña O Carroucho

4 de Outubro de 2014

Trátase esta dunha ruta suave enteiramente inscrita no Concello de Coles, ao norte da capital de provincia, Ourense. O nome de Coles vén do latín “collis” que quere dicir “outeiro”. Efectivamente, as pendentes serán suaves, non subindo dos 400 m. nin baixando dos 110 m.

Na zona hai varias igrexas de estilo románico e algúns pazos que no seu momento deberon ter certo esplendor, pero dende logo a súa conservación non foi moi brillante, con algunha honrosa excepción como o Pazo de Fontefiz, que merecerá un anaco do noso día.



O Concello propón unha ruta circular, pero imos saltarnos unha parte do percorrido, xa que a pesar de ter boas posibilidades pola súa frondosidade e a existencia de varios muíños, a proximidade dun despezo de vehículos mal controlado provocou que esta zona se bote a perder ambientalmente.

Iniciaremos a nosa ruta en Vilarchao. A uns 45 minutos da saída chegaremos ao Pazo de Fontefiz, declarado patrimonio arquitectónico de interese histórico-artístico. É un dos grandes polas súas proporcións, muros, arcadas, pedras de armas e xardíns. Trátase dun pazo de estilo barroco dos séculos XVI-XVIII, que foi soar dunha ilustre casa nobiliaria de Galicia, o Marquesado de Leis. O seu último nativo, D. Pedro Ventura de Puga, orientouno cara á súa actividade actual, sendo agora a sede do Centro de Recursos Zoonéticos de Galicia, que ten como obxectivo a conservación

Lebrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Datos Básicos

Comezo: Vilarchao
Remate: Embarc. de Ribela
Distancia lineal: 18,5 km.
Duración aprox.: 6,5 horas
Dificultade: Baixa
Altura máxima: 395 m
Altura mínima: 113 m
Acumul.: ↗409 m / ↘684 m


e recuperación das razas autóctonas de Galicia. Está centrado no gando bovino, traballando a xenética e cría de vaca cachena, caldelá, frieresa, limia e vianesa, pero tamén da ovella galega, porco celta, cabalo de pura raza galega, galiña de Mos e razas caninas.

Tras a visita ao Pazo de Fontefiz volveremos á ruta, podendo observar o gando da modélica explotación gandeira mentres nos diriximos cara ao río Miño atravesando a parroquia de Sta. M^a de Barra. Veremos no

percorrido cantidade e variedade de árbores froiteiras. De feito esta zona tivo o seu auge vendendo moita froita e verdura, ademais de mobles. Por un lado á capital de provincia, a través da estación de tren de Barra de Miño; pero tamén se pasaba ao outro lado do río mediante a “barca da Silva”.

Aproveitaremos o noso paso por Barra de Miño como parada para a comida, xa que ao lado mesmo do río temos un bo sitio para todos. Estamos na ribeira, onde se cultivaron as cepas do país (bracellao, vedello, louro, mencia) dende a Idade Media.

Continuaremos o noso camiño atravesando Os Cruceiros, Belesar e Levices, onde se encontra outro pazo que tristemente non se conservou moi ben. Seguiremos ao lado do río Miño e remataremos a nosa ruta no embarcadero de Ribela.



Próxima cita:

**26 Outubro
Encontro Valdemouro**



O Carroucho
www.carroucho.org